

## ROTEIRO “AS REIGADAS”: FERRARÍAS E FORNOS A PONTE NOVA



No roteiro percorreremos un dos bosques mellor conservados da provincia: **A Fraga das Reigadas**, encravada na Reserva da Biosfera “Río Eo, Oscos e Terras de Burón”. O punto de partida será o lugar de Barreiros (785 m). Empregando varias pontes sinxelas, gozaremos das fervenzas e muíños asociados ao río Reigadas, así como doutros elementos naturais e etnográficos da fraga, por exemplo, as ouriceiras. Atravesando a **Fraga de Vilarxuvín** descenderemos ata a **Ferrería de Bogo**, un gran complexo hidráulico de muíño e forxa, en activo dende 1534 ata finais do século XVIII, que testemuña o aproveitamento do ferro asociado á forza motora do río Reigadas. Logo de atravesar as

aldeas de Machuco, Muñou e Panturreira, remataremos a ruta no lugar de A Ermida (160 m) e poderemos tomar un refrixerio na “tenda de Manolo”, unha peculiar taberna de aldea. Para rematar a xornada achegarémonos á vila de A Pontenova para visitar un dos seus elementos patrimoniais más destacables: **Os Fornos**. Trátase dun vestixio da minería de ferro que tivo gran importancia na zona durante a primeira metade do século XX. Tras a calcinación nos fornos, o mineral obtido era transportado por tren 34 km ata o “cargadoiro de Ribadeo”, tendo como destino varios países de Europa (segundo o momento político).

**Lonxitude: 14 km.**

**Dificultade: media-baixa. O camiño pode resultar escorregadizo, principalmente nas rústicas pontes.**

**Ligazóns de interese:**

<mailto:https://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=1809297>

<mailto:http://masrutasymenosrutas.com/ruta-das-reigadas-pontenova/>

**DOMINGO, 23 DE ABRIL DE 2017**

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao 679 113 718 ou ao 982 24 02 99.



**Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño.  
O bo humor é cousa de tod@s**

**PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO**

21 Maio: A vida comunal – Negreira de Muñiz

11 Xuño: Muíños do Picón e Folón – O Rosal

+info: [www.adega.gal](http://www.adega.gal) ou [roteirosadegalugo.blogaliza.org](http://roteirosadegalugo.blogaliza.org)

# ROTEIROS ADEGA LUGO

2016 / 2017

RECUPERANDO O NOSO



## Tríptico con información da ruta. Web do Concello de A Pontenova:

[http://www.concellodapontenova.org/portal\\_localweb/RecursosWeb/DOCUMENTOS/13/0\\_1033\\_1.pdf](http://www.concellodapontenova.org/portal_localweb/RecursosWeb/DOCUMENTOS/13/0_1033_1.pdf)

### Ruta das Reigadas

#### Tramo Barreiros - Ponte Paradela

O inicio do primeiro tramo da ruta sitúase a 785 metros de altitude no lugar de Barreiros, pertencente á parroquia de San Pedro de Bogo. A ausencia de vexetación arbórea durante os primeiros 600 metros do camiño permitenos gozar, desde a sua cabeceira sur, dunha reconfortante vista panorámica caracterizada pola frondosidade da fraga na que discorre a Ruta das Reigadas.

Logo de si, o camiño xira bruscamente á dereita para internarse nunha masa de piñeiros, e imediatamente despois, introducirianos na vexetación característica da fraga, composta no seu estrato arbóreo por carballeiros, castiñeiros, abeleiras e aciños, que se verán acompañados dun abundante tapiz arbustivo-herbáceo conformado por queirogas, fentos e arandelias, xunto cos fungos e liques que acaridian as rochas dos numerosos regatos e feixes que conflúen no río que lleva o nome á ruta.

As numerosas pontes coas que se atopará o camiñante permitirán acompañalo no seu sexitivo discorrer a través da fraga das Reigadas, rematando esta coa chegada á Ponte Paradela, fin do primeiro tramo da ruta.



### Ruta das Reigadas


#### Tramo Ponte Paradela - Ferreira de San Pedro

A 1,8 km ao sudeste de Vilanxuín pertencente á parroquia de San Pedro de Bogo e a 410 metros de altitude comeza o segundo tramo da ruta. Logo dos primeiros 100 metros, que transcorren por estrada asfaltada, desviamosnos á esquerda para adentrarnos na fraga de Vilanxuín.

No seu primeiro tramo, o camiño discorre en curva de nivel uns 50 metros porriba da marxe dereita do leito do río Reigadas que, coa súa presenza dará lugar á frondosidade da vexetación con que ali se atopará camiñante. Abundantes masas mixtas de carballeiros e castiñeiros nas que, nalguns casos, destacañán fermosos exemplares centenarios, veránse acompañadas por abeleiras, pradairo, centeo e freixos xunto con alguma cerdeira dispersa, para logo de banhar a mirada, atoparmos co estrato arbustivo-herbáceo constituído por queirogas, xibarbeiras, tentos e arandelias xunto cos liques e fungos dos pendios.

Logo de camiñar 2,5 km, e de cruzarmos cunha cornixa para a conservación e maduración das castañas, cuns amigos muíños e numerosas pontes, chegaremos ao final da fraga de Vilanxuín, para que de superto, se abra o angulo do camiñante e así poder apreciar a acción antropica na conformación da paisaxe, coa presenza de massas de confronetas e algún pé de eucalipto illado que se mestura nas massas de frondosas autoctonas.

Para rematar o segundo tramo da ruta, únicamente resta un pronunciado descenso que nos levará ao carón da Ferreira de Bogo,



### Ruta das Reigadas

#### Tramo Ferreira de San Pedro - A Ermida

O terceiro tramo comeza a 210 metros de altitude no lugar de Ferreira de San Pedro de Bogo, e caracterízase polo seu descorrer por espazos abertos.

A vexetación coa que nos atoparemos comprende un amplio abanico de conformacións vexetais: masas de coníferas, frondosas, autóctonas, así como pasteiros presentes ao carón dos núcleos de poboación de Machucho, Muíño e Panturriera cos que se cruzará o camiñante e que farán que teña que prestar especial atención aos elementos identificativos da ruta para non desviarse do camiño programado.

Logo de camiñar 3,6 km por este último tramo, chegase ó lugar de A Ermida, parroquia de San Xulián de Vilaboa onde finaliza a Ruta das Reigadas.

